

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 8 DE XULLO DE 2024**

### **1. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2024/00031777Z.**

[Aprobación de actas de sesións anteriores.]

Acórdase aprobar as actas das sesións anteriores.

### **2. ÁREA XI. PLANIFICACIÓN E XESTIÓN TECNOLÓXICA. Referencia: 2024/00032065A.**

[OFI F/2024/2018 por importe de 1.308,57 euros da empresa UTE de Telefónica España SAU Telefónica Móviles España SAU.]

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL TRESCENTE OITO CON EUROS CON CINCUENTA E SETE CÉNTIMOS (1.308,57 €) da factura F/2024/2018 emitida por UTE de Telefónica España SAU Telefónica Móviles España SAU.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

### **3. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: 2023/00028606K.**

**Licenza de obras para acondicionamento dunha nave-almacén situada na rúa do Penedo 13 para cambio de uso a clínica de fisioterapia e entramento dirixido para a rehabilitación.** ]

Acórdase conceder licenza de obras de reforma de edificación para clínica de fisioterapia e adestramento dirixido a rehabilitación na RÚA DO PENEDO, 13, con referencia catastral 6661403NH3466B0001DB, segundo Proxecto básico e de execución e anexo redactado polos arquitectos Manuel Carbajo Capeáns e Celso Barrios Ceide, co visado colexial de data 30/04/2024 e 25/06/2024, cun orzamento de execución material de 293.076,83 €, baixo a dirección de obra dos proxectistas e dirección de execución do arquitecto técnico Enrique Martínez Carregal.

### **4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00049086N.**

**Licenza de obra nova para a construción de nave de uso terciario na rúa Castela e León, 29.** ]

Acórdase conceder licenza de obra nova para construción de nave de uso terciario na RÚA DE CASTELA E-LEÓN 29, parcela M1a02n do Polígono da Sionlla, con referencia catastral 0303540NH4500C0000PA, finca rexistral 58451, segundo Proxecto básico e de execución co visado colexial de data 02/11/2022, Proxecto reformado co visado de 21/02/2024 e anexo de data de rexistro de 16/04/2024, redactado polo arquitecto Jesús M. Carrillo Pena, cun orzamento de execución material de 150.000 €, baixo a dirección de obra do proxectista, e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde do arquitecto técnico Jesús Manuel Esturao Pena.

### **5. CONTRATACIÓN. Referencia: 2024/00019285B.**

**Corrección de erro material no acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/05/2024 relativo a Adxudicación do servizo “Espectáculo Los 40 Pop Santiago nas festas da Ascensión 2024” á empresa SOCIEDAD ESPAÑOLA DE**

## **RADIODIFUSIÓN SLU. |**

Acórdase proceder á subsanación do erro material advertido na proposta da concellaría delegada de Festas de data 07/05/2024, así como no acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 08/05/2024 relativo a Adxudicación do servizo “Espectáculo Los 40 Pop Santiago nas festas da Ascensión 2024” á empresa SOCIEDAD ESPAÑOLA DE RADIODIFUSIÓN SLU, no que se refire a anualidade do gasto, de xeito que: Onde di: Segundo: Comprometer o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 070 33800 2269900 FESTEXOS, OUTROS GASTOS DIVERSOS, conforme a seguinte anualidade e importe. Anualidade 2023: 36.600,00 euros Debe dicir: Segundo: Comprometer o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 070 33800 2269900 FESTEXOS, OUTROS GASTOS DIVERSOS, conforme a seguinte anualidade e importe. Anualidade 2024: 36.600,00 euros.

### **6. EDUCACIÓN. Referencia: 2024/00032081L.**

**Tomar coñecemento do veredicto do xurado da XVII edición do Premio Internacional “Compostela” para Álbums Ilustrados 2024.** |

Acórdase tomar coñecemento do veredicto do xurado do XVII Premio Internacional “Compostela” para Álbums Ilustrados, que nesta edición recaeu na obra “BIM, BAM, BUM” presentada pola autora catalá María Girón Figuerola.

### **7. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00031591N.**

**Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 36/2023 CA2. Desestimación por silencio de recurso de reposición contra resolución que impuxo aos demandantes multa coercitiva de 6.000 euros** |

Resolución: Sentenza nº 160//2024 do 26.06.2024, do Xulgado Contencioso Administrativo nº 2

Procedemento: Procedemento Abreviado 36/2023

Obxecto: Desestimación por silencio de recurso de reposición contra resolución que impuxo aos demandantes multa coercitiva de 6.000 euros

A sentenza é desfavorable aos intereses municipais xa que estima o recurso. As custas impóñense ao concello cun máximo de 400 euros

Contra dita sentenza non cabe interpoñer recurso de apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Departamento de urbanismo-disciplina- para os efectos da súa execución.

### **8. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00029935Q.**

**Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 206/2023 CA1. Obxecto: desestimación por silencio de reclamación de responsabilidade patrimonial** |

Resolución: Sentenza nº 134/2024 do Xulgado Contencioso Administrativo nº 1

Procedemento: Procedemento Abreviado 206/2023

Obxecto: Desestimación por silencio de reclamación de responsabilidade patrimonial

Contía reclamada: 5.098,53 euros

A sentenza é parcialmente favorable aos intereses municipais, xa que estima parcialmente o recurso. Estima concorrencia de culpas ao 50% e fixa a indemnización en 2.549 euros. Non se fai imposición de custas. Contra dita sentenza non cabe interpoñer recurso.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitila ao Departamento de Vicesecretaría para os efectos da súa execución.

**9. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00031499N.**

[Tomar coñecemento do Auto ditado no PA 286/2021. Obxecto: Reclamación responsabilidade patrimonial ]

Resolución: Auto do 25.06.2024

Procedemento: PA PROCEDEMIENTO ABREVIADO 286 /2021

Órgano xudicial: XDO. CONTENCIOSO/ADMTVO. N. 1 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Obxecto: Reclamación responsabilidade patrimonial

SENTIDO DA RESOLUCIÓN: favorable aos intereses do Concello.

O Xulgado archiva e declara terminado o procedemento tralo acordo entre a demandante e a aseguradora codemandada.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir á Secretaría da Administración Municipal para o seu coñecemento.

**10. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00031665V.**

[Tomar coñecemento do Auto ditado no PO 184/2024 CA1. Obxecto: Denegación por silencio administrativo de acceso Información Pública ]

Resolución: Auto do 30.05.2024 declarado firme pola Dilixencia de Ordenación do 26.06.2024

Procedemento: PO PROCEDEMIENTO ORDINARIO 0000184 /2024

Órgano xudicial: XDO. CONTENCIOSO/ADMTVO. N. 1 de Santiago de Compostela

Obxecto: Denegación por silencio administrativo de acceso Información Pública

SENTIDO DA RESOLUCIÓN: favorable aos intereses do Concello.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir á Área de Urbanismo para o seu coñecemento.

**11. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00032198K.**

[Tomar coñecemento das Sentenzas: Sentenza 225/2023, de 3 de novembro, do Xulgado do Contencioso-administrativo núm. 2 de Santiago de Compostela e Sentenza 333/2024, de 26 de xuño, da Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sección segunda. ]

Resolucións:

- Sentenza 225/2023, de 3 de novembro, do Xulgado do Contenciosoadministrativo núm. 2 de Santiago de Compostela.

- Sentenza 333/2024, de 26 de xuño, da Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sección segunda

Procedemento: PO 346/2022; AP 4090/2024

Obxecto: resolucións núm. 2022/8393 e 8394, de 11.07.2022, da Concelleira Delegada de Urbanismo, Vivenda, Cidade Histórica, Acción Cultural e Igualdade, desestimatorias do recurso de reposición interposto contra as Resolucións núm. 2022/2366 e 2361, de 28.02.2023, pola que se declara a ineficacia da comunicación previa para o inicio de actividade de dúas vivendas de uso turístico (VUT), ao non estar permitido pola

ordenanza de aplicación (art. 150.4 das NNUU do PE-1 de protección e rehabilitación da Cidade Histórica)

**SENTIDO DA RESOLUCIÓN:** ambas sentenzas son favorables ao Concello, pois a Sala do TSX desestima o recurso de apelación interposto pola demandante e confirma a sentenza de instancia, pola que se desestimaba o recurso contencioso-administrativo contra as resolucións arriba indicadas.

A Sala autonómica, seguindo a liña que se iniciou co ditado da súa sentenza núm. 169/2022, de 8 de abril, insiste en que non debe confundirse a declaración responsable autonómica para o exercicio da actividade de VUT coas autorizacións ou permisos municipais, que son independentes daquela e que pertencen ao eido competencial urbanístico, propio das administracións locais.

A sentenza é susceptible de recurso de casación a preparar pola parte que veu desestimadas as súas pretensións no prazo de 30 días dende a súa notificación, polo que non é firme.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Departamento de Urbanismo (Licenzas) para o seu coñecemento e efectos oportunos

**12. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00031495P.**

[Tomar coñecemento do Decreto ditado no PO 142/2024 TSXG. Obxecto: Impugnación aprobación orzamento e cadro de persoal.]

Resolución: Decreto do 28.06.2024

Procedemento: PO PROCEDIMIENTO ORDINARIO 142 /2024

Órgano Xudicial: Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

Obxecto: Impugnación aprobación orzamento e cadro de persoal

**SENTIDO DA RESOLUCIÓN:** favorable aos intereses do Concello. O TSXG arquiva o procedemento despois de que se presentara escrito desistindo da acción xercitada.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir á Área de Recursos Humanos, Avaliación, Contratación e Réxime Interior.

## **URXENCIAS**

**13. XESTIÓN DE PERSOAL. Referencia: 2024/00019135E**

**Provisión do posto de directora de Área de Cultura e Dinamización Cidadá do Concello de Santiago de Compostela.**

Acórdase nomear a Rosa Isabel García Agrelo como directora de Área de Cultura e Dinamización Cidadá do Concello de Santiago de Compostela, funcionaria do Grupo A, subgrupo A1 de clasificación, con nivel 30 de destino e específico, por ser a candidata idónea, logo da avaliación das solicitudes presentadas, xa que ademais de reunir os requisitos de idoneidade, cumpre os requisitos de mérito e capacidade recollidos nas bases da convocatoria, en base ás consideracións sinaladas.

**14. XESTIÓN DE PERSOAL. Referencia: 2023/00027888Q**

**Resolución do contrato das Obras de "Mellora dos accesos á Almáciga: Ámbito Pastoriza"**

Acórdase:

Primeiro.- Resolver o contrato das Obras de "Mellora dos accesos á Almáciga: Ámbito Pastoriza" asinado o 07/08/2023 con EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA, pola demora no cumprimento dos prazos por parte do contratista, ao abeiro do establecido no artigo 211.1 d) da LCSP.

Segundo.- Incautar a garantía definitiva por importe de 12.330,43 € constituída pola empresa EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA, (núm. operación 320230002628, avalista: ATRADIUS CREDITO Y CAUCION SA DE

SEGUROS Y REASEGUROS para responder do contrato de das Obras de "Mellora dos accesos á Almáciga: Ámbito Pastoriza". EXPTE. 2023/27888QCON2022000071).

Terceiro.- Notificar este acordo a EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA, e a ATRADIUS CREDITO Y CAUCION SA DE SEGUROS Y REASEGUROS.

Cuarto.- Notificar este acordo á Intervención Municipal e á Tesourería Municipal do Concello ao obxecto de que proceda a incautación de devandita garantía definitiva.

#### **15. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: 2024/00031642V**

##### **Aprobación o "Proxecto de modificación de Centro de Transformación de compañía na rúa da Codeseira de Vidán". - SUNP20 Amañecida.**

Acórdase aprobar o "Proxecto de modificación de Centro de Transformación de compañía na rúa da Codeseira de Vidán". - SUNP20 Amañecida elaborado por Obradoiro Enxeñeiros S.L.P., asinado polos enxeñeiros tcos. industriais D.

Luis Enrique Durán Ageitos, e D. Carmelo Freire Beiro.

O orzamento total do mesmo ascende a 88.415,66 € que xunto o IVE (18.567,29 €) representa un total de 106.982,95 € .

Proposta de clasificación do contratista: Non se esixe, aínda que se propón coma tal; Grupo I – subgrupo 5 – Centros de transformación e distribución en Alta Tensión - Prazo de Execución (4 semanas).

#### **16. EMPREGO. Referencia: 2024/00025834M**

##### **Aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e COGAMI para levar a cabo un proxecto de actividades para persoas con discapacidade.**

Acórdase:

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración entre o concello de Santiago e COGAMI para levar a cabo un proxecto de actividades para persoas con discapacidade na anualidade 2024, que consta de dez páxinas mais anexos, estruturadas nun apartado relativo ás partes intervinientes e co carácter con que o fan; un expoñendo com nove apartados; e nove cláusulas contendo os pactos aos que as partes se comprometen a chegar, e cuxo obxecto é establecer a colaboración entre o concello de Santiago a través da Axencia Local de Colocación e COGAMI para o desenvolvemento dun programa experimental de emprego.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 15.000 euros (quinze mil euros) que conleva a execución deste convenio con cargo á partida 020-24100-4890001 do orzamento municipal vixente, con número de operación RC 220240009961, a favor da Confederación Galega de persoas con discapacidade (COGAMI).

TERCEIRO.- Facultar á Concelleira de Dereitos e Servizos Sociais, Promoción Económica e Xuventude. Primeira tenenta de alcaldesa. para a sinatura dos documentos necesarios para a súa formalización.

CUARTO.- Trasladar o presente acordo aos interesados/as e aos servizos económicos para os efectos procedentes.

**15. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2024/00033018J  
Prórroga do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e os Concellos de Santiago e Teo, para a coordinación dos servizos de transporte público con orixe e destino na urbanización dos Tilos**

Acórdase:

PRIMEIRO.- Propoñer ó Pleno da Corporación a aprobación da prórroga do convenio de colaboración formalizado o 1 de outubro de 2020 entre a Xunta de Galicia e os Concellos de Santiago e Teo, para a coordinación dos servizos de transporte público con orixe e destino na urbanización dos Tilos, nos termos nos que foi redactado, por catro anos adicionais, ata o 30 de setembro de 2028 e de conformidade co seu clausulado, calquera das partes poderá desistir do convenio comunicándollo de maneira fidedigna ás outras cunha antelación mínima dun ano.

SEGUNDO.- Asemade, propoñer a habilitación da Excma. Alcaldesa do Concello de Santiago para a sinatura da prórroga do convenio, unha vez se aprobe polo Pleno da Corporación.